



## Concello de Parada de Sil

### DECRETO DO ALCALDE DO CONCELLO DE PARADA DE SIL DE APROBACIÓN DA RELACIÓN DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUIDAS AO PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DUN PEÓN DE OBRAS PÚBLICAS.

Por Decreto do Alcalde do Concello de Parada de Sil de data 4 de marzo do 2021 aprobáronse as bases para a selección dun peón de obras públicas do Concello de Parada de Sil, abríndose o prazo para a presentación das instancias no devandito procedemento.

De acordo co establecido na base 6 das que rexen o proceso selectivo: rematado o prazo para a presentación de solicitudes, por Resolución de Alcaldía acordárase a aprobación da lista provisional de admitidos e excluídos, con especificación, no seu caso, dos motivos de exclusión, a cal se publicara no Taboleiro de Anuncios da Casa Consistorial e na Sede Electrónica do Concello. Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de un (1) día natural, contados a partires do seguinte ao da publicación do acordo, para poder emendar, no seu caso, o defecto que houbera motivado a exclusión

En base ao anteriormente exposto e tendo en conta as atribucións outorgadas pola lexislación en materia do réxime local, este Alcalde, **RESOLVE**:

**Primeiro.-** Aprobación a seguinte relación de persoas admitidas:  
- David Pérez Iglesias.

Persoas excluídas: Ningunha.

**Segundo.-** Que a proba da fase de oposición sinalada na base 8.2 se celebre o día 11 de marzo do 2021 ás 17:00 horas na Casa do Concello de Parada de Sil.

**Terceiro.-** Nomear como tribunal cualificador do presente proceso selectivo a:

Presidenta: María Concepción Alonso Conde.

Vogais: María Concepción Martínez López, Eva Méndez Domínguez e Manuel Carramal Silva.

Secretaria: Ana María Riveiro Carreño.

**Cuarto.** Dar conta da presente Resolución ao Pleno de Corporación na seguinte sesión ordinaria que celebre.





## Concello de Parada de Sil

---

**Quinto.**- Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá impoñerse ben o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou e no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da súa notificación, ao amparo do disposto no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas ou ben recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa notificación ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra.

Así o mandou o Alcalde do Concello de Parada de Sil, na data da sinatura electrónica, na que eu como Secretaria-Interventora Accidental, dou fe.

